

**Sobre as alas, os contos viaxan.
Desexando sentir o latexo do teu corazón.**

Son o Conto Viaxeiro. Vou voando a calquera sitio.
 Ás veces vou nas alas do vento. Outras, nas alas das ondas.
 E outras nas aliñas dun gran de area.
 Por suposto, tamén subo nas alas das aves migratorias.
 E, de cando en vez, incluso nas dos avións.
 Despois, sento ao teu carón, abro as miñas páxinas e cóntoche a historia que queiras.
 Quizais unha historia fantástica?
 Ou prefires unha historia triste? De medo?
 Unha para rir ás gargalladas?
 E se polo de agora non queres escoitar ningunha, non pasa nada.
 Seguro que algunha vez terás ganas. Daquela, chámame. Non tes máis que dicir:
 «Conto Viaxeiro, ven aquí!», e irei voando ao teu lado.

Teño historias a moreas.
 A historia dunha illa que, farta de estar soa e aburrida, aprendeu a nadar para facer amizades...
 Ou a dunha misteriosa noite en que apareceron dúas lúas...
 E aquela de cando Papá Noel se perdeu...

A ver? Si, si, seica estou oíndo latexar o teu corazón!
 Bom, bom! Bum, bum! Pumba, pumba!
 Iso é que o Conto Viaxeiro está dentro de ti e fai soar as campás do teu corazón.
 Seguro que a próxima vez es ti o Conto Viaxeiro e desexarás ir de viaxe!
 E deste xeito, no mundo nacerá un novo Conto Viaxeiro.

Eiko Kadono

**Día Internacional
do Libro Infantil
2024**



**2
abril
2024**

Eiko Kadono



Nacida en Toquio en 1935, perdeu a súa nai cando tiña cinco anos. Viviu a guerra do Pacífico e evacuárona ao norte do Xapón aos 10 anos. A experiencia da guerra, cando era nena, é a cerna do profundo compromiso de Kadono coa paz e mais a felicidade.

Estudou literatura americana na Universidade de Waseda e despois de graduarse traballou nunha editorial. Cando casou, acompañou o seu marido ao Brasil e viviu en São Paulo durante dous anos; no traxecto desa longa viaxe, e posteriormente desde o propio Brasil, ampliou os seus coñecementos sobre outros países. Esta experiencia fixo agromar a súa curiosidade e o sentimento multicultural cara á actividade creativa. O seu primeiro libro data do ano 1970, e desde entón publicou ao redor de 250 títulos máis traducidos a dez idiomas.

Kadono di: «Empezar a ler un libro é como abrir unha porta a un mundo diferente. Unha porta que non se pecha ao final da historia, sempre hai outra que agarda para ser aberta. A xente ve o mundo doutra maneira despois de ler unha historia, e en certo sentido é un principio. Coido que esa é a verdade, o pracer de ler. Espero que todas as persoas comencen a construír a súa nova propia historia a partir de aquí e agora».

Kadono recibiu o Premio Hans Christian Andersen en 2018.



Nana Furiya



Naceu en Toquio. É ilustradora e autora de máis de setenta libros ilustrados para a rapazada. Así mesmo, publicou libros ilustrados onde tamén é autora do texto. Despois de ilustrar *Mekkira Mekkira Dondon*, un popular libro infantil escrito por Setsuko Hasegawa e publicado por Fukuinkan en 1985, Furiya trasladouse a Eslovaquia para estudar litografía na Academia de Belas Artes e Deseño de Bratislava, baixo a dirección do profesor Dusan Kallay.

En 2012 organizou a exposición itinerante *De man en man*, inaugurada no Lapidarium do Museo Medieval de Boloña. Neste evento ilustradores de todo o mundo reflexionaron sobre o papel da arte en tempos de catástrofe, como a provocada polo terremoto de Tohoku de 2011 e o accidente da central nuclear.

Xunto co seu home Peter Uchnar, pintor e gravador, participou nun recente proxecto onde se proxectaron as súas ilustracións para *Pedro e o lobo*, de Prokofiev, concertos realizados durante o Festival Seiji Ozawa Matsumoto en 2019. En 2020 as ilustracións publicáronse como un libro ilustrado por Kai-sei-sha, co texto escrito por Jun Moriyasu.

Nana Furiya gañou a Pluma de Ouro na Bienal Internacional de Ilustración de Belgrado en 1999 e foi seleccionada para os White Ravens 2021.